

Precoz madurez

De humanas proporcións

 ROMÁN RAÑA

Ditosos os poetas que comezan, ditosos os que inician a súa singradura poética cun libro como *Corpo baleiro* de Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987). Coñecíamos mostras do seu talento en poemas que viron a luz (e que nos deslumbraron pola precoz madurez) nos premios Minerva (verdadeira canteira de novos valores) de Santiago. Agora temos un volume máis amplo dividido en tres actos precedidos por un prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello que reflexiona, moi atinadamente, sobre a linguaxe e o corpo ou, tamén, sobre a linguaxe do corpo.

O “Primeiro acto” contén vinte aforismos que conforman unha autopoética. Aí a autora dá razón da súa razón para escribir. E faino con lucidez, con ironía, sen afectación. A poesía é un don, mais tamén un destino que se leva con un, sen un sabelo, a todas partes, en todo momento. Poesía e vida son, en consecuencia, misterios que nunca se desvelan: “Continuamente escribo aínda que non escriba:/ou regalando pezas da boneca rusa que son/e só se non o fago me baleiro por dentro.”



O “Segundo acto” fórmano cuarenta e dous poemas onde alternan e conviven pezas de diversa extensión. E dentro delas o mundo da escritora (dor e gozo, contención e desmesura). Transitan polos seus versos a alegría de vivir, a percepción do secreto ritmo dos días, a confusión do amor (espiña do desexo, éxtase de fragilidades), a indagación sobre as palabras (esqueletos de ar que significan) e máis cousas. Hai sentido de humor e humores que dan sentido á vida. Hai fume de tabaco namorado e comunión coas nubens. Tamén imaxes impactantes de auto-destrución: “Meter o dedo índice e o anular dentro deste enchufe sucio, unicamente”; unha experiencia de vertixes: “e mira como neva, como che estou nevando,/como desexo que isto sexa efecto dun narcótico”; a vivencia dunha ruptura sentimental: “Xa o sei, tan só unha bala dá no branco”; unha maxistral quebra da sintaxe: “con tanta túa ventá no corpo aquí agora estou murcha/e é por iso afastada e partida que che escribo e murcho e derribo”. Libro emocional e racional, de humanas proporcións, agudo e limpo.

DÁVILA, Berta, *Corpo baleiro*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2008, 73 páxinas.